

## D. JESÚS SPÓSITO PRADO

### SECRETARIO DO CONSELLO SOCIAL DA UDC

Licenciado en Dereito pola Universidade da Coruña (UDC), Mestrado en Asesoramento Xurídico Empresarial, con mención especial en Dereito Ambiental pola UDC e Mestrado en Transformación Dixital pola Universidade Europea de Madrid.

#### ▀ **Actividade profesional actual**

Secretario do Consello Social da UDC.

Membro do Pleno da Comisión de Secretarios da Conferencia de Consellos Sociais das Universidades Españolas.

#### ▀ **Traxectoria**

Nado en Caracas-Venezuela, é Licenciado en Dereito pola Universidade da Coruña (UDC), Máster en Asesoramento Xurídico Empresarial, con mención especial en Dereito Ambiental pola UDC e Máster en Transformación Dixital pola Universidade Europea de Madrid.


Exerceu como Profesor Interino da área de Dereito Administrativo da UDC, impartindo a materia de Dereito Administrativo na Licenciatura en Dereito e na Dobre Licenciatura de Dereito e ADE. Así mesmo, foi titor metodolóxico no Máster en Asesoramento Xurídico Empresarial (MAXE).

Pertenceu ao Grupo de Investigación Observatorio do Litoral, desenvolvendo funcións de Secretario Académico e Membro do Consello de Redacción da revista electrónica “Actualidade Xurídica Ambiental”, que hoxe en día conta con máis de 5000 publicacións especializadas en dereito ambiental, 2700 subscritores e alcanzou, en decembro de 2021, máis de dous millóns de visitas, procedentes de 190 países.

Como investigador do Grupo de Investigación Observatorio do Litoral, desenvolveu funcións de Secretario Académico das “Xornadas Internacionais de Dereito Administrativo Iberoamericano” promovidas hoxe polo Grupo de Investigación Dereito Público Global.

Desde o ano 2010, desenvolve a súa carreira profesional no Consello Social da Universidade da Coruña, ocupando o cargo de Director Técnico ata marzo de 2021, baixo a Presidencia de D. Antonio Abril Abadín, quen exerceu como Secretario Xeral e do Consello de Administración de Inditex S.A. ata o mes de abril de 2021.

Como Secretario e Director Técnico do Consello Social, D. Jesús Spósito Prado asistiu e asiste técnica e xuridicamente aos órganos colexiados e unipersoais do Consello Social da UDC en ell exercicio das súas funcións regradas de supervisión e control da actividade académica e económica da Universidade.



No marco das súas funcións, exerce como responsable técnico da execución do Plan Operativo do Consello Social da Universidade da Coruña, actividade que lle brindou, en particular, a oportunidade de participar en redes de traballo constituídas no seo da Universidade da Coruña para o deseño da estratexia de implantación, fundraising e comunicación de diversas iniciativas e proxectos de innovación social e colaboración universidade-empresa financiados por Inditex S.A.

Este esforzo organizativo, impulsado pola Reitoría e o Consello Social desde o ano 2010, deu como froito o Programa de Colaboración Inditex-UDC, que abarca as seguintes iniciativas:

Programa “InTalent”, de captación e retención de talento investigador excelente, que posibilita a contratación contracción, en réxime de concorrencia competitiva, de investigadores posdoctorales con proxección e ampla traxectoria internacional, procedentes de calquera parte do mundo. Durante os cinco primeiros anos do programa realizáronse tres procesos de selección de candidatos nos que participaron 316 investigadores de 48 nacionalidades.

Programa “InMotion” de bolsas para estancias predoctorales no estranxeiro, que financian estancias predoctorales de investigación en universidades e centros estranxeiros, o que permite complementar a formación doutoral dos estudantes e que poidan obter a Mención de Doutoramento Internacional. Desde o seu inicio, no ano 2013, 226 estudantes dos programas de doutoramento da UDC realizaron unha estancia en 28 países de todo o mundo, especialmente de Europa e América.


Cátedra Inditex-UDC de Sustentabilidade, en cuxo marco se imparte o Curso de Especialización en Sustentabilidade e Innovación Social (CESIS), título propio da UDC que conta xa con 294 alumni, e impúlsase o Ciclo de Conferencias “En Código Aberto”.

No marco do proxecto Cátedra Inditex-UDC de Sustentabilidade, D. Jesús Spósito Prado coordinou tecnicamente o Ciclo de Conferencias “En Código Aberto” desde a súa fundación ata o ano 2016, período no que se organizaron un total de 17 accións de divulgación sobre distintas materias estreitamente vinculadas á responsabilidade social. Así mesmo, foi titor metodolóxico dun proxecto práctico do CESIS defendido durante o curso 2011-2012.

No marco dos proxectos promovidos ao amparo do Programa de Colaboración Inditex-UDC, na actualidade coordina tecnicamente o grupo de traballo constituído conxuntamente co Vicerreitorado de Política Científica, Investigación e Transferencia e o Vicerreitorado de Ferrol e Responsabilidade Social, para a redacción e publicación da Memoria de Responsabilidade da Universidade da Coruña.

No ano 2013, formou parte do equipo de traballo conformado polo Consello Social, o Vicerreitorado de Ferrol e Responsabilidade Social e a Oficina de Atención á Diversidade da UDC, para a definición da estratexia de implantación, fundraising e comunicación do programa “Espazo Compartido”, dirixido á formación universitaria de persoas con discapacidade cognitiva leve e patrocinado por Banco Santander, Fundación Universia e Fundación ONCE, asumindo a dirección executiva da súa fase piloto durante o período 2013-2016.

Espazo Compartido é un proxecto pioneiro no sistema universitario galego e un dos primeiros a nivel nacional. A día de hoxe conta xa con 48 alumni. Como parte do esforzo fundacional de Espazo Compartido, no período 2013-2016 foi implantado o primeiro programa universitario de prácticas profesionais para alumnos con discapacidade cognitiva do Sistema Universitario de Galicia.



No programa colaboraron entidades tan reseñables como Decathlon, Ikea, Inditex, Cruz Vermella, R ou a Fundación Santiago Rey Fernández Latorre.

Desde o ano 2011, D. Jesús Spósito Prado é tamén responsable da dirección técnica do programa “Laboralia”, de divulgación e formación en competencias profesionais, dirixido ao fomento da empregabilidade e á inserción laboral do alumnado da Universidade da Coruña. Ao longo da última década, Laboralia acolleu a preto de 3000 alumnos. Polas súas aulas pasaron xa 130 directivos, técnicos, emprendedores, profesores universitarios e profesionais da comunicación, vinculados a entidades públicas e privadas de recoñecido prestixio nacional e internacional.

En 2021, colaborou coa Dirección e Subdirección do Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e a Comunicación da UDC (CITIC), na estratexia de fundraising do programa “Talentos Inclusivos” e do “Demostrador Tecnolóxico do CITIC”, ambos os cofinanciados polo Consello Social da Universidade da Coruña.

O programa Talentos Inclusivos é unha iniciativa que ten por obxectivo fomentar as vocacións STEM entre alumnos de bacharelato e visibilizar os retos aos que se enfrontan as persoas con parálise cerebral no seu día a día. O programa é impartido por profesores da Universidade da Coruña, vinculados ao Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (CITIC), en estreita colaboración co profesorado de institutos e colexios de Galicia, que titorizan equipos de traballo integrados por estudantes de bacharelato e persoas con discapacidade usuarias da Asociación de Pais de Persoas con Parálise Cerebral (ASPACE CORUÑA).

O Demostrador Tecnolóxico do CITIC é unha sala destinada á divulgación da actividade investigadora, de innovación e de transferencia realizada no centro. Aquí expóñense os resultados de proxectos de investigación en distintos estados de desenvolvemento, como prototipos, probas de concepto, produtos en fase de comercialización e material didáctico creado con fins divulgativos sobre iniciación á robótica, electromagnetismo e programación visual.

Desde 2021, exerce como responsable técnico da dirección do programa AddVenture, promovido polo Consello Social da UDC en colaboración coa *joint venture* Sngular TeamLabs. AddVenture é un programa de fomento do emprendemento aplicado ao sector TIC, virtual e con encontros presenciais, enfocado a mozos recentemente titulado universitarios, microempresas, profesionais e traballadores autónomos, de todo o territorio nacional, que pretendan levar a bo porto unha idea de negocio, ou que decidisen redefinir a súa estratexia empresarial, apoiándose de maneira intensiva no uso das TIC. No marco deste programa, de 265 horas de formación, foron mentorizados un total de 31 proxectos empresariais de base tecnolóxica.